

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 20.09.2019

Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 52892 (10/POC-008216)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a situación das condicións laborais e organizativas na Radio Galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019
- 1.2 53306 (10/POC-008348)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a cobertura informativa por parte da CRTVG da participación da selección galega de fútbol gaélico no mundial de Irlanda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.3 53683 (10/POC-008422)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a valoración por parte do Goberno galego do anuncio dun casting da TVG no que se limitaba só aos varóns a contratación dun profesional de cociña, os motivos desta decisión, as medidas que vai adoptar para evitar que volva repetirse e o xénero da persoa seleccionada para o posto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.4 54900 (10/POC-008644)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as imaxes emitidas pola TVG en relación coa noticia referida ao rescate dun mozo que intentou suicidarse lanzándose desde unha ponte en Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019
- 1.5 55081 (10/POC-008679)



Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre a valoración da Dirección da CRTVG respecto das actuacións
desenvolvidas pola corporación para favorecer a igualdade real entre
homes e mulleres
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

Aurelio
Alfonso
Núñez
Centeno

Firmado digitalmente por
Aurelio Alfonso Núñez
Centeno
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Aurelio Alfonso
Núñez Centeno,
email=aurelio.nunez.cente
no@parlamentodegalicia.g
al
Fecha: 2019.09.17 13:39:03
+02'00'





Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/09/2019 13:39:03



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
María de los Ángeles Cuña Bóveda	GCE

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Rosa Oubiña Solla	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 20.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 20.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52892(10/POC-008216)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a situación das condicións laborais e organizativas na
Radio Galega

Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**.

Un grupo de traballadores e traballadoras da Radio Galega achegaron a este Grupo Parlamentario unha serie de reflexións sobre a situación desta entidade, cualificando a situación de “desmantelamento”.

Denuncian tanto un deterioro das condicións de traballo como un desmantelamento do servizo.

En primeiro lugar, a programación deste verán na Radio Galega está conformada por 210 horas de programación pregravada, do 24 de xuño ao 1 de setembro, das cales 180 se incorporan ao magazín da mañá, suprimindo referencias temporais.

No eido de programas, sinala o persoal que desapareceu a organización en equipos con traballo de posta en común e que se prescinde de persoas de xeito sistemático, trasladando locutores a informativos a facer labores de redacción (ás veces tamén de cámara e de son), traballos que caen sistematicamente das escaletas.

Denuncia o persoal a imposición dun sistema de quendas trimestrais en informativos que imposibilita a creación de equipos de traballo, fronte ás rotacións anuais ás que a empresa se nega.

Tamén sinalan os e as traballadoras que hai escasa comunicación con elas por parte da dirección e unha organización do traballo moi caótica, non existindo unha especialización dentro do departamento de informativos, así como falta de organización.





Outra cuestión que se denuncia é o feito de que se cambia ao persoal de programas de funcións e departamentos sen causas xustificadas.

Asemade, denúnciase a sobrecarga de tarefas para o persoal con contratos en prácticas en informativos.

Tamén se denuncia a falta de cobertura de vacacións e permisos laborais, obrigando ao persoal a deixar gravados programas.

En canto á programación local, confírmase o denunciado na tempada anterior: esta desaparece practicamente, substituída por reportaxes divulgativos; en canto ás novas galegas, reléganse ás veces fronte a novas estatais e céntranse, frecuentemente, nas circunstancias internas dos grupos políticos da oposición. Asemade, non hai técnicos de son nas delegacións da Radio Galega.

No que ten que ver cos deportes, denuncia o persoal a amortización de prazas e o abuso á figura de colaboradores, así como a ausencia de persoal propio de produción de luns a venres e a falta de respecto ao descanso entre xornadas laborais das profesionais, sobre todo por causa dos desprazamentos.

No Departamento de Emisións, o persoal denuncia problemas co software, un abuso das conexións en directo sen técnico de son e falta de actualización da formación das e dos profesionais.

Asemade, indícase a falta de documentalistas no Arquivo Sonoro e a carencia de asesoramento lingüístico na maioría de quendas.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

- En canto se estima o aforro en persoal durante o verán por mor da emisión de 210 h de programación pregravada?





- Por que se menospreza a profesionalidade do persoal, movendo a persoas de función e prescindindo do traballo en equipo?
- Como valora a cobertura de novas diarias locais na Radio Galega?
- Cal é a razón de obrigar a quendas trimestrais en informativos, en lugar de rotacións anuais?
- Considera axeitado ás necesidades o parque móbil da CRTVG?
- A canto ascenden as dietas de desprazamento para o persoal da CRTVG? Están conxeladas dende 2003?
- Como explica a situación de desmantelamento dos Deportes na Radio Galega?
- Canto persoal en prácticas hai neste momento na Radio Galega? Que tarefas se lles asignan?
- Cal é a motivación para o desmantelamento das delegacións locais?
- Vai aumentar o persoal de asesoramento lingüístico e de Arquivo Sonoro?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero

Deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Vero na data 23/07/2019 13:01:28



CSX, REXISTRO10169xLUT9

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 20.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 53306(10/POC-008348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a cobertura informativa por parte da CRTVG da
participación da selección galega de fútbol gaélico no
mundial de Irlanda

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 12:35:26
Nº Rexistro: 53306
Data envío: 02/08/2019 12:35:26.649

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a cobertura da participación da selección galega de fútbol gaélico no mundial de Irlanda.

En xullo de 2019 tivo lugar no condado de Waterford (Irlanda) o GAA World Games, o mundial de fútbol gaélico, no que participaron máis dunha vintena de seleccións, entre elas a galega.

A cobertura da CRTVG ao mundial reduciuse a dúas pezas informativas.

Unha, o 26/07/2019 titulada ‘A selección galega de fútbol gaélico prepara o Mundial’, coincidindo coa partida de ambas as dúas equipas cara Irlanda; información incluída como a última (10:37) só no Deportes telexornal mediodía; e outra difundida só a través das redes sociais o 01/08/2019 na que se dá conta dun vídeo viralizado na rede no que xogadoras das seleccións femininas de Galiza e Irlanda bailaban muiñeira. ‘As xogadoras da selección galega de fútbol gaélico ensinan en Irlanda a bailar muiñeira’.

Máis nada.

CSM - REXISTRO: gvgsxmu0B0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 12:35:26
Nº Rexistro: 53306
Data envío: 02/08/2019 12:35:26.649

Nin unha soa referencia, por exemplo, no Telexornal do propio un de agosto en que Galiza foi apeada da competición converténdose a selección feminina na terceira do mundo.

O fútbol gaélico chegou a Galiza hai pouco tempo (en 2012), porén nestes anos tense consolidado e, sobre todo, ten conquistado grandes éxitos internacionais para o noso país. Non sen dificultades, cómpre dicir.

Xa no europeo de 2018 a cobertura informativa da CRTVG ficou escasísima en relación á atención que, cremos desde o BNG, debería suscitar a nosa selección.

Algo que contrasta coa decisión anunciada e adoptada pola Corporación en 2017 cando a TVG decidiu retransmitir o encontro Galiza-Bretaña que tivo lugar en Ourense e mesmo incluíu na programación a retransmisión dos partidos da liga galega a través da segunda canle.

Certo é que os campionatos internacionais nos que a selección galega participou até o momento foron no estranxeiro (Bretaña e Irlanda) porén a CRTVG, cando lle interesa cubrir unha información, ten mandado profesionais da propia Corporación a milleiros de quilómetros (Venezuela) ou traballado para conseguir imaxes de televisións locais ou axencias internacionais.

Por todo o exposto anteriormente, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Por que non prestou maior atención a CRTVG á selección galega de fútbol gaélico no Mundial de Irlanda?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 12:35:26
Nº Registro: 53306
Data envío: 02/08/2019 12:35:26.649

- Intentou a CRTVG conseguir imaxes dos encontros para incluílas nos informativos e poder facer un seguimento da progresión das nosas equipas?

- En 2020 podería ter lugar en Galiza o campionato europeo de fútbol gaélico, se así for finalmente, que papel cre a CRTVG que deberían ter os medios públicos?

Santiago de Compostela, 02 de agosto de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/08/2019 12:33:19

Xosé Luis Bará Torres na data 02/08/2019 12:33:33

María Montserrat Prado Cores na data 02/08/2019 12:33:44

CSV, REGISTRO de validación
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 12:35:26
Nº Registro: 53306
Data envío: 02/08/2019 12:35:26.649

Noa Presas Bergantiños na data 02/08/2019 12:33:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/08/2019 12:34:05

Ana Pontón Mondelo na data 02/08/2019 12:34:18

CSV, REGISTRO de Xestión de
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 20.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 53683(10/POC-008422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do anuncio dun casting da TVG no que se limitaba só aos varóns a contratación dun profesional de cociña, os motivos desta decisión, as medidas que vai adoptar para evitar que volva repetirse e o xénero da persoa seleccionada para o posto

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

Entre os principios inspiradores e de alcance que se recollen na *Lei 9/2011, de 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia*, figura *“a promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade, á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista”*.

O Grupo Socialista tivo coñecemento de que o pasado 3 de agosto publicouse na prensa escrita o seguinte anuncio:

*“Queres ser o novo cociñeiro da TVG?
- Buscamos homes de entre 35 e 70 anos que lles encante a gastronomía para que conduzan o programa de cociña.
- Un varón que demostre en cada un dos programas a súa desenvoltura coa realización das receitas.
- O casting levarase a cabo o 9 de agosto”*.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai de que a nosa televisión pública limite o casting para a contratación dun profesional de cociña, só aos varóns?
2. Por que non quería a CRTVG que o programa de cociña o conducira unha muller?
3. Considera que se trata dunha discriminación de acceso ao emprego por razón de sexo?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 09:58:27
Nº Rexistro: 53683
Data envío: 12/08/2019 09:58:27.769

4. En caso afirmativo, que medidas ten previsto tomar para evitar que volvan a repetirse nos nosos medios de comunicación públicos, casos de discriminación polo feito de ser muller?
5. Finalmente, de que sexo foi a persoa seleccionada para este posto?

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 09:42:53

María Luisa Pierres López na data 12/08/2019 09:43:03

María Dolores Toja Suárez na data 12/08/2019 09:43:45

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 09:44:02



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 20.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 54900(10/POC-008644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as imaxes emitidas pola TVG en relación coa noticia referida ao rescate dun mozo que intentou suicidarse lanzándose desde unha ponte en Ourense

Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.

O pasado 25 de xuño coñeciamos a través de diferentes medios de comunicación que un mozo de 30 anos intentara suicidarse arroxándose desde a ponte nova de Ourense, un suceso que rematou co seu rescate por parte de axentes da policía local e nacional no río Miño.

A TVG tamén informou desta nova titulando “Rescatan un mozo que se lanzou ao Miño desde unha ponte en Ourense”. Tanto no vídeo que aínda hoxe se pode visualizar na páxina *web* da CRTVG, como na nova emitida no TX-1, a imaxe da faciana do rapaz non aparece pixelada, e é facilmente recoñecible. A reprodución desta secuencia pode ferir a sensibilidade tanto da persoa que aparece nela como a da súa familia, así como a do telespectador, e a súa reprodución ten desde o noso punto de vista a única intención, que é a de xerar morbo.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Quen ordenou e/ou recomendou a emisión destas imaxes?
- 2ª) Que criterios se empregaron na toma desta decisión?
- 3ª) Por que se decidiu non pixelar a faciana do rapaz?
- 4ª) Que aporta informativamente falando, a emisión destas imaxes?
- 5ª) Ten previsto retiralas da páxina *web*?

Pazo do Parlamento, 2 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

CSM-REXISTROGRUPOMXS
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 10:14:03
Nº Rexistro: 54900
Data envío: 03/09/2019 10:14:03.903

Noela Blanco Rodríguez na data 03/09/2019 10:12:36

Julio Torrado Quintela na data 03/09/2019 10:12:53

CSX, REGISTRO:RKP0HX
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 20.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 55081(10/POC-008679)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a valoración da Dirección da CRTVG respecto das
actuacións desenvolvidas pola corporación para favorecer a
igualdade real entre homes e mulleres

Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:52:13
Nº Rexistro: 55081
Data envío: 04/09/2019 16:52:13.639

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Rosa Oubiña Solla, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Moisés Rodríguez Pérez e Aurelio Nuñez Centeno, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de RTVG.**

A CRTVG mantén un forte compromiso pola igualdade dentro das súas tarefas de xestión e cumprimento da función de servizo público. A vixilancia sobre o trato igualitario entre homes e mulleres está presente tanto a nivel laboral como a nivel de programación e de contidos.

Boa mostra é a constitución de dúas Comisións de Igualdade, unha formada por representantes dos traballadores e representantes da Corporación co obxectivo fundamental de elaborar o Plan de Igualdade, e outra conformada por membros do Consello de Administración.

Do mesmo xeito, a CRTVG mantén unha liña de contidos tendente á visibilización da muller en toda a programación e velando por un tratamento informativo con perspectiva de xénero, tendo unha especial sensibilidade na cobertura dos delitos de violencia machista.

A todo isto hai que engadir a difusión periódica de campañas de fomento da igualdade e de loita contra a violencia de xénero xunto a outras moitas accións, seguindo escrupulosamente a vocación de servizo público e a responsabilidade dos medios de comunicación en xeral de ofrecer contidos que favorezan a equidade, a eliminación dos estereotipos de xénero ou a posta en valor do talento feminino en todos os eidos.

Recentemente coñecemos que o informe ARDÁN, elaborado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, outórgalle á CRTVG unha posición de liderado no compromiso pola igualdade, colocando á corporación entre as 15 empresas galegas con maior puntuación.

Do mesmo xeito, cabe destacar o papel divulgador da corporación ao redor do deporte feminino. A TVG2 figura entre as televisións cun maior volume de emisións de deporte feminino no último informe de Barlovento, “El deporte femenino en TV”, situándose nun nivel moi semellante ao doutras cadeas de cobertura estatal e incluso por enriba de televisións especializadas.

CSM-REXISTROBCKJQ3Rny6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:52:13
Nº Rexistro: 55081
Data envío: 04/09/2019 16:52:13.639**

Unha implicación coas deportistas da nosa comunidade que foi recoñecida co Premio do Deporte Feminino Galego da asociación Mulleres Deportistas Galegas outorgado aos programas “Galicia en Goles” e “Galicia en Toquio”.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión:

-Que valoración fai a dirección das accións desenvolvidas pola corporación para favorecer a igualdade real entre homes e mulleres?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 04/09/2019 16:49:02

María Antón Vilasánchez na data 04/09/2019 16:49:21

Rosa Oubiña Solla na data 04/09/2019 16:49:39

Jaime Castiñeira Broz na data 04/09/2019 16:49:54

María Guadalupe Murillo Solís na data 04/09/2019 16:50:13

Moisés Rodríguez Pérez na data 04/09/2019 16:51:00

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/09/2019 16:51:12



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com